



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESIÓN CELEBRADA O 24 DE ABRIL DE 2026, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2026

Primeiro.- Réxime de concesión

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime abreviado de concorrencia competitiva, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (no sucesivo, LSG) e no artigo 21.5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº9, do 11 de xaneiro de 2024 - no sucesivo, OXS-), ata esgotar o crédito dispoñible; de tal xeito que a concesión das subvencións realizarase tendo en conta a orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, de acordo cos criterios en canto ás contías establecidos na Base 5 e sen necesidade da constitución de órgano colexiado para a avaliación das solicitudes.

As solicitudes deberán conter a documentación mínima requirida pola Base 7, considerándose como data de presentación da solicitude da axuda a data na que o expediente estea completo.

Segundo.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, que se poden consultar na *web* da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Terceiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s reprodutora/s desta raza, nadas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2025 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Femias que proveñan do rexistro de nacementos.
- Que teñan acreditado, como mínimo, un parto antes dos tres anos de idade (36 meses).
- Que superen unha cualificación lineal mínima de 40 puntos.
- Que non posúan defectos ou caracteres eliminatorios.
- Que obteña un resultado positivo de filiación cos seus proxenitores (test de paternidade).

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

Asemade, as persoas, físicas ou xurídicas, titulares das explotacións que sexan beneficiarias das subvencións adquirirán o compromiso de manter na explotación a/s femia/s reproductora/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, agás nos supostos de forza maior, que terán que ser debidamente xustificados a través de informe veterinario.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, ata un máximo de 10 animais. Polo tanto, o importe máximo das axudas por beneficiaria será de 4.000 €. Esta cantidade é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados, agás no suposto de que a suma das achegas e/ou subvencións, incluída a da Deputación, superen os 2.220 € por animal elixible (custo de mantemento do animal na explotación durante a anualidade 2025). Nestes supostos, o importe das subvencións a conceder pola Deputación de Lugo reducirase ata que a suma de todas elas non supere a dita cantidade.

Quinto.- Presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do estrato desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Esta convocatoria e Bases serán publicadas, así mesmo, no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

As interesadas deberán solicitar as subvencións a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse, asinados electronicamente, a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concorrencia, dirixíndoas ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

En ambos supostos (persoas xurídicas e persoas físicas), cando sexa un terceiro o que presenta a solicitude a través de medios electrónicos, esta deberá ir acompañada, ademais da documentación á que se refiren os parágrafos seguintes, dun poder notarial ou ben dun documento privado, asinado electronicamente por el e pola persoa poderdante, no que se faça constar a vontade de autorizar á persoa apoderada para que actúe no seu nome, de forma electrónica, ante as Administracións Públicas.

Asemade, nestes supostos, os anexos terán que estar asinados electronicamente polo/s titular/es da explotación que solicita a subvención.

Sexto.- Situación subvencionable

A situación subvencionable será ostentar a titularidade dunha explotación onde se críen femias reprodutoras da raza bovina Rubia Galega que pasaran ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico desta raza animal durante o ano 2025 e cumpran as condicións establecidas na Base 4.

Sétimo.- Período subvencionable

O período dentro do cal as femias reprodutoras deberán ter pasado ao Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza bovina Rubia Galega, para ser consideradas elixibles, esténdese dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro, ambos do ano de 2025; debendo manter ás ditas femias na explotación, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, o que deberá acreditarse atendendo ao disposto na Base seguinte.

Oitavo.- Xustificación das subvencións

En aplicación do disposto nos artigos 30.7 da LXS, 28.9 da LSG e 30.4 da OXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

Polo tanto, a xustificación das subvencións só requirirá a acreditación da situación subvencionada a través dos documentos aos que se refire a Base 7.

Con todo, ao abeiro da facultade de control que o artigo 30 da LSG outorga a esta entidade para verificar o cumprimento da finalidade que determinou a concesión das subvencións, e sendo que, tal e como se establece nas Bases 4 e 12, as beneficiarias das subvencións adquiren o compromiso de manter na propia explotación a/s femia/s reprodutora/s elixibles, polo menos, ata o 31 de decembro de 2027, deberán acreditar o cumprimento deste compromiso.

A dita acreditación realizarase, como máximo, o 31 de marzo de 2028, presentando a beneficiaria ou, de ser o caso, o/a seu/súa representante, o anexo V, incluído nesta convocatoria, que deberá ir acompañado de declaración censual anual, expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, con data posterior ao 31 de decembro de 2027, do xeito que se describe nesta mesma Base.

Igualmente, as beneficiarias deberán acreditar, a través da presentación do citado anexo V, o cumprimento do compromiso, establecido na Base 4, de dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

Logo de transcorrer o prazo establecido no parágrafo anterior sen que se acreditara o cumprimento do devandito compromiso ante esta Deputación Provincial, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requirirase á beneficiaria da subvención para que, no prazo improrrogable de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción do requirimento, sexa acreditado.

Así mesmo, cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables nas acreditacións presentadas polas beneficiarias, porao no seu coñecemento, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, para a súa corrección.

A falta de presentación da devandita acreditación no citado prazo ou a acreditación insuficiente levará aparelado o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que o debedor realice o reintegro, se é anterior a esta.

Noveno.- Pago da subvención

Tras a resolución de concesión, emitida pola Xunta de Goberno segundo o establecido na Base 10, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitirase un informe no que se faga constar que a documentación á que se refire a Base 7, presentada polas beneficiarias, acredita o cumprimento dos requisitos establecidos na Base 4.

O dito informe acompañarase dunha proposta de pago das subvencións e dos documentos aos que se refiren as letras a), f), h), i) e j) da Base 7, para que, previa fiscalización, se aprobe a dita proposta pola Presidencia.

O pago das subvencións ás beneficiarias será realizado mediante transferencia bancaria e tralo cumprimento dos trámites descritos, non procedendo o pago das subvencións mediante pagos a conta ou anticipos.

Décimo.- Acreditación do cumprimento dos compromisos asumidos ao recibir a subvención

A acreditación do cumprimento dos compromisos de: manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s elixible/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027; e de dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada, realizarase a través da presentación do anexo V e dunha copia da declaración censual anual, expedida a partir da dita data polo órgano competente da Xunta de Galicia, e que deberán presentarse a través da sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, no enderezo electrónico: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > trámites xerais > presentación de escritos; dirixíndoa ao centro xestor "Medio Rural"; sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1 da LPACAP.

No caso das persoas físicas, poderán elixir entre a presentación electrónica, consonte ao establecido no parágrafo anterior, e a presencial, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistros da Deputación de Lugo, sita na rúa San Marcos, 8, de Lugo, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP.

Nos supostos en que algunha/s da/s femia/s reproductora/s non se mantivera/n na explotación ata o 31 de decembro de 2027, por causa de forza maior, deberá xustificarse este extremo, do mesmo xeito descrito nos parágrafos anteriores, a través de informe ou certificación veterinaria, que acompañará á documentación citada neles.

Presentadas as ditas acreditacións, o centro xestor comprobará, no prazo de seis meses, a contar dende o 31 de marzo de 2028, a corrección da documentación achegada e o cumprimento dos compromisos e da finalidade que determinaron a concesión das subvencións, nos termos establecidos na OXS, nos parágrafos anteriores, e no Acordo de concesión.

Unha vez realizada a comprobación, da que se emitirá o correspondente informe do servizo ou centro xestor, formularase polo mesmo centro, previa fiscalización da Intervención provincial, proposta de aprobación das acreditacións presentadas ou, de ser o caso, de inicio de expediente/s de reintegro.

Lugo, 24 de abril de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto do 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1067

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓN DIRECTAS (NOMINATIVAS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2026.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas tramitadas polo Servizo de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2026:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Asc Comerciantes Empresarios Profesionais Gandeiros e Autonomos de Muimenta	G27386515	Nominativa	Edición mostra exposición de Muimenta	4330.48900	8.000,00 €	Presidencia
Federación Galega de Comercio	G27170158	Nominativa	Oficina técnica de información e asesoramento ao comercio de Lugo	4330.48900	40.000,00€	Presidencia
Fundacion Ferias y Exposiciones	G27161496	Nominativa	EQUIGAL, Salón Internacional do cabalo de Galicia	4311.48903	40.000,00 €	Presidencia
Asociación Cultural e Deportiva Bola Meiga	G27501881	Nominativa	Campionato de Fútbol de Rábade	4330.48900	3.500,00 €	Presidencia

Lugo, 23 de abril de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1053

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA DE LOGOPEDA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE NECESIDADES DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Mediante Resolución de Alcaldía de data 24 de abril de 2026, aprobáronse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a **constitución dunha lista de agarda de logopeda**, para a cobertura temporal de necesidades do servizo de Atención Temperá. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para maior difusión.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello.

Antas de Ulla, 27 de abril de 2026.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 1083

BÓVEDA

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2025, por un prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Bóveda, 23 de abril de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1054

CASTROVERDE

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA EN PROPIEDAD, DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, GRUPO C2, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN NO CONCELLO DE CASTROVERDE. Expediente 128/2026

Por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria o 8 de abril de 2026, se aproban as bases e convocatoria do proceso selectivo para cubrir unha praza en propiedade de funcionario de carreira, incluída na OEP 2026, pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala de Auxiliar Administrativo, do Concello de Castroverde, Grupo C2 mediante o sistema de concurso oposición, que se transcribe de seguido:

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA EN PROPIEDAD, DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, GRUPO C2, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN NO CONCELLO DE CASTROVERDE.

1.- OBXECTO.

1.1.- É obxecto das presentes bases a provisión dunha praza de persoal funcionario, reservada a promoción interna.

1.2.- Características da praza.

GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	NÚMERO DE VACANTES	DENOMINACIÓN	QUENDA
C	C2	Auxiliar Administrativo	1	Auxiliar Administrativo	Por promoción interna

1.3.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de CONCURSO-OPOSICIÓN, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local. O sistema escollido xustifícase na necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir, promovendo deste xeito a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos funcionarios/as de carreira desta Administración Local.

A devandita praza de Auxiliar Administrativo atópase dotada no orzamento vixente desta Entidade, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nesta materia.

1.4.- Cometido funcional.

O cometido funcional da praza/posto de traballo consistirá na realización das funcións propias do posto, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes da Entidade en calquera dos servizos desta.

Con carácter particular, as seguintes:

1. Atención ao público
2. Rexistro diario da Caixa municipal
3. Confección dos padróns de auga, lixo e sumidoiros e posta ao cobro dos recibos
4. Confección dos padróns do SAF e posta a cobro dos recibos
5. Confección dos padróns das escolas deportivas e posta ao cobro dos recibos
6. Envío dos acordos adoptados polo órganos de goberno á Subdelegación de Goberno e Xunta de Galicia a través das plataformas habilitadas ao efecto.
7. Posta ao día do portal de transparencia
8. Reparto da cartalaría, folletos, bandos e demais información dentro do municipio.
9. Plataformas de remisión de información en materia económica financeira.

2.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007
- b) Ser funcionario de carreira do Concello de Castroverde, pertencendo á Escala de Administración Xeral, agrupacións profesionais, de acordo coa disposición adicional sexta e disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias da subescala á que se aspira.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Ter una antigüidade de, polo menos, dous anos como persoal funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se accede, segundo o disposto no artigo 18.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e o artigo 80.1.b) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- f) Estar en posesión, ou en condicións de obter á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o título de graduado en ESO, Graduado escolar, FP1 ou equivalente.
- g) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- h) Non estar comprendido en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

Todos os requisitos esixidos neste apartado deberán posuílos as persoas aspirantes no día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como funcionarios de carreira.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude, que figura como Anexo II destas bases, dirixida á Alcaldía do Concello de Castroverde. Presentarase no Rexistro Electrónico Xeral deste

concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Á solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Documentos acreditativos dos méritos e circunstancias alegados debidamente compulsados: titulación esixida, cursos formativos, certificación dos servizos prestados expedida polo Concello.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fóra do prazo establecido non será emendable e suporá a exclusión do procedemento selectivo.

4.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/a, nomeamento de Tribunal e fixando data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio. Esta Resolución publicarase no BOP e na páxina web deste Concello: www.concellodecastroverde.gal

Contra a Resolución que aprobe a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, as persoas aspirantes poderán formular alegacións, dentro do prazo de dez días.

Finalizados os prazos sinalados, o Sr. Alcalde-Presidente ditará Resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións presentadas, e publicará tamén a citada resolución no BOP coas listas definitivas completas de admitidos/as e excluídos/as.

De non producirse exclusións, ou de non presentarse ningunha alegación a lista provisional, esta entenderase definitiva, transcorrido o prazo de dez días hábiles dende a publicación da Resolución aprobatoria desta no BOP.

Contra a Resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas aspirantes excluídas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación no BOP; ou ben recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á citada publicación no BOP.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

O Tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais.

Tódolos/as vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, ou persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do presidente e do secretario. Tódolos membros do Tribunal teñen voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de técnicos asesores, con voz e sen voto, para todas ou algunhas das probas que así o requiran. Estes colaborarán co órgano encargado da selección exclusivamente cando sexa necesario, por mor de temas técnicos.

As persoas integrantes do Tribunal, así como o persoal asesor ou colaborador que se incorpore a este, terán dereito, pola súa concorrencia as sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, as persoas membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a gastos de viaxe, conforme determina o RD 462/2002, de 24 de maio, podendo efectuar o citado desprazamento en vehículo propio.

6.- SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS

O proceso selectivo constará de dúas fases, unha de concurso e outra de oposición.

Unha vez comezadas as probas non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios para a realización das restantes no BOP, sendo suficiente a súa publicación no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

O Tribunal poderá ordenar a realización dos exercicios de forma sucesiva, sempre que así se anuncie ó rematar cada un dos exercicios anteriores. Non obstante, os aspirantes poderán solicitar que dende o inicio dun exercicio ata o comezo do seguinte transcorra un prazo mínimo de setenta e dúas horas, prazo que neste caso debe ser respectado polo Tribunal. O prazo entre o final dunha proba e o comezo da seguinte será dun máximo de 40 días hábiles.

6.1.- FASE DE CONCURSO

O Tribunal valorará exclusivamente os méritos presentados en documentos debidamente acreditados polos aspirantes antes da realización do primeiro exercicio da fase de oposición. O resultado da valoración farase público mediante a súa exposición no taboleiro de edictos da casa do concello. En todo caso a puntuación obtida non se poderá aplicar para superar os exercicios da fase de oposición.

Nesta fase de concurso valoraranse os méritos relacionados coa carreira, os postos desempeñados, o nivel de formación e a antigüidade.

O Tribunal outorgará a puntuación conforme ao seguinte BAREMO:

a) Experiencia profesional

- Por cada ano de servizos prestados no grupo profesional de orixe ou en outros postos superiores: 0,40 puntos.
- A puntuación máxima neste apartado será de **4 puntos** e acreditarase mediante certificación expedida pola Administración correspondente na que se faga constar a duración dos servizos, escala, subescala, grupo e/ou categoría e nome do posto de traballo e as tarefas desenvolvidas, así como informe de vida laboral, os contratos debidamente asinados e/ou a toma de posesión como funcionarios/as.

b) Méritos académicos

Por estar en posesión doutros títulos académicos, ata un máximo de **2 puntos**:

- Título de licenciado universitario ou grado: 2 puntos
- Título de diplomado universitario: 1,5 puntos
- Título de bacharelato ou FP2: 1 punto

c) Cursos de formación e perfeccionamento

· Pola participación en cada curso relacionado coas funcións a desenvolver, impartido polo INAP, a EGAP ou calquera outro centro oficial autorizado para impartilos (non serán obxecto de valoración os cursos impartidos por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada):

- por cada curso de máis de 60 horas de duración: 0,60 puntos
- por cada curso entre 30 e 59 horas de duración: 0,40 puntos
- por cada curso de 10 a 29 horas de duración: 0,20 puntos.

A puntuación máxima non poderá exceder de **2,50 puntos**.

d) Coñecemento da lingua galega

- Polo curso de iniciación, 0,50 puntos

- Polo curso de perfeccionamento, 0,75 puntos
- Polo curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente, 1 punto
- Polo curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente, **1,50 puntos**

Só se puntuará o nivel máis alto acreditado. A estes efectos estarase, ademais, ao previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA)

A puntuación dos apartados b), c) e d) acreditarase mediante copia auténtica dos títulos ou certificacións que acrediten os méritos expedidas polos órganos competentes.

6.2.- FASE DE OPOSICIÓN

De conformidade co disposto no RD 896/1991, o programa da convocatoria consta de 20 temas; non obstante, en base ó previsto no artigo 77 do R. d. 364/1995 de 10 de marzo, os aspirantes a esta praza da quenda de promoción interna están exentos das materias que teñan superado nos sistemas selectivos convocados para o acceso a agrupacións profesionais.

En orde a comprobar a idoneidade dos candidatos a realización das probas será obrigatoria e eliminatória, cualificándose ata un máximo de 10 puntos cada exercicio, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 5 puntos. A puntuación de cada un dos exercicios determinarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal. A puntuación máxima nesta fase será **de 20 puntos**.

Os exercicios da oposición serán os que seguen:

6.2.1.- PRIMEIRO EXERCICIO.

Será un exame teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar un cuestionario tipo test de corenta (40) preguntas con tres respostas alternativas por pregunta, das que só unha é correcta, relacionadas coas materias que integran o programa que figura como anexo I a estas bases e que se desenvolverá no tempo máximo que sinale o Tribunal de selección. Puntuarase 0,25 puntos por pregunta correctamente acertada. Non se penalizarán as respostas incorrectas nin as respostas en branco.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

O cuestionario será determinado polo tribunal antes do inicio da proba.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

6.2.2.- SEGUNDO EXERCICIO.

De carácter práctico:

Este exercicio consistirá na realización dun suposto práctico proposto polo Tribunal.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizala será fixado polo Tribunal, tendo en conta o contido da mesma.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 5 puntos.

6.2.3.- TERCEIRO EXERCICIO.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto. Consistirá na tradución ao galego dun texto en castelán durante un período de 30 minutos. Estará exento da súa realización quen acredite no prazo de presentación da solicitude para participar no concurso-oposición que se convoca a posesión do título de Celga 3 ou certificado de validación equivalente ou superior.

6.2.4.- DISPOSICIÓN COMÚNS AOS EXERCICIOS.

O Presidente do Tribunal adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O primeiro exercicio da oposición non terá lugar antes de que teña transcorrido un prazo mínimo dun mes a contar dende a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

7.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición suporá a puntuación total da proba selectiva, que servirá para elaborar a relación de aprobados por orde de puntuación.

A puntuación dos 2 primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos, resultando eliminados os/as aspirantes que non cheguen a 5 puntos. A puntuación máxima na fase de oposición será, polo tanto, de 20 puntos. A puntuación máxima na fase de concurso será de 10 puntos.

A cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e dos obtidos na fase de concurso que non poderá exceder de 30 puntos.

8.- RELACIÓN DE APROBADOS, ACREDITACIÓN DE REQUISITOS ESIXIDOS E NOMEAMENTO.

Realizadas as valoracións, o Tribunal elevará á Alcaldía as puntuacións obtidas no proceso selectivo e o nome dos aspirantes que o superaran, e cando proceda, propondrá o correspondente nomeamento. A relación de aprobados non poderá superar o número de prazas convocadas. O Sr. Alcalde efectuará o nomeamento resolvendo definitivamente o procedemento selectivo, publicándose o acordo no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento será notificado ao persoal interesado, quen no prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo, deberá presentar no rexistro xeral desta entidade a seguinte documentación:

- a) Copia auténtica do DNI
- b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade non defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Acreditación de non ter sido separada do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) copia sinple da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.
- f) Declaración, baixo xuramento ou promesa, de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade conforme coa lexislación vixente e referida ó momento da súa toma de posesión.

· A Adquisición da condición de funcionario de carreira adquirirase polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superación do proceso selectivo.
- b) Nomeamento polo órgano ou autoridade competente, que será publicado no BOP.
- c) Acto de acatamento da Constitución Española e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e ó resto do ordenamento xurídico.
- d) Toma de posesión da praza no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación de nomeamento.

Quen, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentara a súa documentación ou cando da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos sinalados, non poderán ser nomeadas, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude.

Estará exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso presentarán certificación do Organismo ou Ente do que dependan, acreditativo da súa condición de persoal funcionario, así como das demais circunstancias que consten no seu expediente persoal que sexan necesarias para xustificar os requisitos esixidos para o nomeamento.

9.- INCOMPATIBILIDADES.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

10.- INCIDENCIAS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.- DISPOSICIÓN FINAL.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración municipal tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Alcalde,

ANEXO I TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Características xerais. Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.
2. A Coroa. As Cortes Xerais: Composición. Atribucións e funcionamento. O Goberno e a Administración. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.

3. A Organización Territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía. Réxime de competencias. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.
4. A Comunidade Autónoma de Galicia: O Parlamento, a Xunta e o seu Presidente.
5. Réxime Local español: Fontes do ordenamento xurídico local. Lexislación estatal e autonómica. A Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia. Clases de Entidades Locais.
6. O Concello. Elementos: territorio e poboación. Competencias dos municipios. A organización municipal. Principios fundamentais.
7. Concellos de réxime común: O Alcalde. Competencias. Forma de elección e cese. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Concello Pleno. Composición e competencias. As Comisións Informativas.
8. Réxime de sesións e acordos dos órganos colexiados locais.
9. A potestade regulamentaria das Entidades Locais: Ordenanzas, Regulamentos e bandos.
10. O persoal ao servizo da Administración Local: Clases de Persoal. Dereitos e deberes. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario.
11. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos. Eficacia dos actos. Notificación e Publicación. Nulidade e anulabilidade.
12. O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos. A revisión de oficio.
13. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.
14. As Facendas Locais: Recursos das Facendas Locais. Impostos, Taxas e Contribucións Especiais.
15. O Orzamento das Corporacións Locais: Estrutura, elaboración e aprobación.
16. Execución do orzamento. Modificacións orzamentarias. Liquidación do orzamento.
17. Dereitos e deberes dos veciños no ámbito local: Información e participación cidadá.
18. O Rexistro de documentos: Concepto. O rexistro de entrada e saída: O seu funcionamento nas Corporacións Locais. Presentación de instancias e outros documentos nas oficinas públicas.
19. A Igualdade: Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes: principios xerais e tutela.
20. A Administración Electrónica. Dereitos da cidadanía. Dos rexistros, as comunicacións e as notificacións electrónicas. Da xestión dos procedementos.

ANEXO II**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN POR PROMOCIÓN INTERNA DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO PERTENCENTE A ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA**

D./ D.^a, con DNI
de domicilio a efectos de notificacións en,
da localidade de (Código Postal) e nº de teléfono

EXPÓN.- Que sendo convocadas as probas selectivas para a provisión por promoción interna polo procedemento de concurso-oposición dunha praza de auxiliar administrativo vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Castroverde, encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2, e coñecendo e aceptando as Bases que regulan o procedemento selectivo,

MANIFESTA.- Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, presentando a seguinte documentación:

- Copia simple do DNI.
- Copia simple da titulación esixida.
- Relación de méritos e circunstancias alegados, achegando os documentos xustificativos dos mesmos.
- Certificado de servizos prestados como funcionario pertencente a agrupacións profesionais expedido polo Concello de Castroverde.

Méritos académicos:

- Cursos de formación:
- Coñecemento da lingua galega:

Así mesmo, DECLARA, posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo e non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme. E comprométese, no caso de ser seleccionado/a, a presentar o correspondente certificado médico.

SOLICITA sexa admitido/a para tomar parte no concurso-oposición para cubrir en propiedade dita praza de auxiliar administrativo, encadrada na escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Subgrupo C2, coa exención do exame de galego, no caso de ter acreditado a posesión do título de Celga 3 ou certificado de validación equivalente ou superior.

Castroverde, adede 2026

Asinado

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPDP), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castroverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castroverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade solicitada. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimilos seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastroverde.com

Asdo.:

Castroverde, 23 de abril de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández

R. 1055

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 9 de abril de 2026, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2026).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2026).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín

R. 1056

O CORGO

Anuncio

Fanse públicas as bases que de seguido se transcriben, aprobadas por Resolución da Alcaldía do día 22 de abril de 2026:

“BASES QUE REXERAN A SELECCIÓN DE PERSOAL, PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE CONSERXE DO CEIP DO CORGO (MEDIA XORNADA), COMO PERSOAL LABORAL FIXO, POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICION.

PRIMEIRA.- NORMAS XERAIS

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección dun/ha **conserxe para o CEIP do Corgo** a media xornada, de persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público, aprobada por Resolución da alcaldía de 26 de xaneiro de 2026, publicada no BOP de 11 de febreiro de 2026.

Non obstante, malia que á vista das necesidades actuais contéplase a praza a media xornada, se no futuro xurdira a necesidade de desempeñar os mesmos cometidos noutros centros públicos municipais destinados a outros servizos, podería transformarse en xornada completa.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13

de xuño; no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e noprovisión nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos/das aspirantes será o de concurso oposición libre.

1.4. A presente convocatoria e bases publicarase íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios da casa do concello e da sede electrónica do Concello do Corgo: concellodocorgo.sedelectronica.gal, xunto cun extracto no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia. O resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente tamén se publicarán nos citados medios. Tamén se publicará a efectos meramente informativos nos apartados de novas e oferta de emprego na páxina web do concello: www.concellodocorgo.com

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, FUNCIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

2.1.- A praza de conserxe do CEIP do Corgo está clasificada como persoal laboral fixo.

2.2.- COMETIDO FUNCIONAL.

O/a candidato/a que supere o concurso oposición formalizará contrato laboral indefinido a media xornada e ocupará o posto de traballo de conserxe do CEIP do Corgo, cuxas funcións son: atención telefónica, fotocopias, atención ao público, pequenas tarefas de reparación, vixilancia e mantemento do edificio e das instalacións do centro, incluídas as instalacións deportivas, revisión diaria para que o recinto escolar permaneza en boas condicións e os equipamentos se atopen no seu sitio e para que as instalacións non sufran ningún perxano.

2.3.- INCOMPATIBILIDADES

O/a aspirante seleccionado/a unha vez que formalice o seu contrato laboral estará sometido ao réxime de incompatibilidades que determinan as disposicións vixentes (Lei 53/84, de 26 de decembro e concordantes).

TERCEIRA.- CONDICIÓNS OU REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

a.3) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros de la Unión Europea, sempre que no estean separadas de dereito.

a.4) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.5) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte un anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.6) As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os/as aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas. Non en tanto, esta discapacidade non poderá supoñer impedimento para o desenvolvemento das funcións descritas na base 2.2.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, no estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos términos anteriores.

e) Titulación: certificado de escolaridade.

f) Estar en posesión do permiso de conducir da **categoría B**.

g) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas.

h) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

CUARTA.- SOLICITUDES

4.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de O Corgo.

Presentarase, debidamente cuberta, no Rexistro Xeral do Concello ou a través da súa sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal, no prazo de **veinte (20) días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE). Tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da LPAC.

4.2 Ás solicitudes achegaranse necesariamente os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

b) Documentación fidedigna que acredite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 3 (ou curso de iniciación á lingua galega).

c) A vida laboral xunto coa copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario/a interino/a. Deberá acompañarse necesariamente do formulario establecido no Anexo III destas bases (preferiblemente nas letras e tamaño citado): a data dos contratos ou nomeamentos como funcionario/a interino/a que acrediten a experiencia laboral da praza que se convoca, así como a súa duración en días, entidade contratante, e no seu caso, centro de traballo, nos termos que se establecen na base 8ª letra B. Incorpórase como Anexo III o modelo de relación de experiencia laboral que deberá acompañarse a la solicitude.

Non se valorarán: os contratos ou nomeamentos como funcionario/a interino/a que non veñan relacionados no folla referida ou aqueles que vindo relacionados nesta, non se acompañen da vida laboral xunto coa copia dos referidos contratos ou nomeamentos.

Os/as aspirantes cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria. Neste caso, **deberán indicalo expresamente na solicitude**, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido polo órgano competente, acompañándoa da correspondente certificación acreditativa do grao e tipo de minusvalidez. Non obstante, esta discapacidade non poderá supoñer impedimento para o desenvolvemento das funcións descritas na base 2.2

Sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das probas selectivas, o tribunal decidirá motivadamente se estas persoas concorreran en quenda separada dos demais aspirantes

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 10 días naturais, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia, no taboleiro de edictos da casa do Concello e da sede electrónica, sinalándose un prazo de tres (3) días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos/as aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de

Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento, entenderase seleccionado ao/a candidato/a coa seguinte mellor nota.

Na resolución pola que se publicarán as listas definitivas, se indicarán os candidatos/as que estean eximidos da obriga de realizar o exercicio de coñecemento do galego.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos/as candidatos/as que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación. Os/as candidatos/as autorizan o tratamento deste datos para a finalidade indicada.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, empregados públicos, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Consonte ao establecido no devandito Art. o Tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: un/unha empregado/a público/a pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación.

Vogais: tres empregados/as públicos/as pertencentes a grupo de clasificación ou categoría profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrámbolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario e co Vº Pº do Presidente.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

Aos efectos da percepción das asistencias ao tribunal se clasifica a este órgano como de categoría terceira (acceso a corpos e escalas E "agrupacións profesionais" ou categorías de persoal laboral asimilables) das contempladas no Art. 30 do citado Real decreto 462/2002, de 24 de maio.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas. Así mesmo, establecerá o nivel mínimo a esixir para superar as probas.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o exercicio da fase de oposición, agás naqueles casos nos que estea prevista a lectura pública, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados, excluindo aqueles/as candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

SÉTIMA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

O primeiro exercicio realizarase **no prazo máximo de 140 días naturais** desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con cinco días naturais de antelación, como mínimo, ao comezo do primeiro exercicio, na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e no lugar onde se realizou o exercicio e tamén na citada páxina web.

Dende a total conclusión dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas e máximo de corenta días naturais.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carné de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os/as aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Os/as opositores/as poderán desenvolver os exercicios de que conste o procedemento selectivo tanto en lingua galega como en lingua castelá, a súa libre elección.

O tribunal adoptará as medidas necesarias para que aqueles aspirantes que teñan algunha discapacidade que dificulten o desenvolvemento das probas gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás dos restantes participantes. Para isto cómpre que os aspirantes indiquen na solicitude de participación no proceso selectivo *o tipo e grao de discapacidade* e, polo tanto, con carácter previo as adaptacións que estime necesarias o tribunal de selección. Non en tanto, deberá terse en conta o establecido na base terceira e cuarta derradeiro parágrafo.

Cada opositor poderá obter copia de cada un dos exercicios realizados ao seu remate.

OITAVA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS.

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

a) Fase de oposición

A oposición constará dos seguintes exercicios:

PRIMEIRO EXERCICIO: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba escrita, tipo test, de 50 preguntas con respostas alternativas sobre o contido do programa especificado na convocatoria que figura no Anexo I. Cada pregunta correcta puntuará hasta 0,20 puntos. As preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán. A duración desta proba será de cómo máximo, dúas horas.

Para superar este exercicio será necesario acadar un **mínimo de 5 puntos** e puntuará ata un **máximo de 10 puntos**.

SEGUNDO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

De carácter práctico a resolver polos candidatos durante un prazo máximo de 1 hora, que consistirá na resolución dun caso práctico proposto polo Tribunal, relacionado co posto de traballo, en base ao temario da parte específica que acompaña a estas bases.

Este exercicio puntuará ata un máximo de 10 puntos sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo.

A tal efecto o tribunal sinalará, por medio de anuncio no taboleiro de edictos do concello e da sede electrónica, o día, hora e lugar en que comezará esta proba.

A proba se valorará conforme os criterios e puntuacións establecidos no anexo IV.

O chamamento comezará polos aspirantes cuxa primeira letra do seu primeiro apelido comece ***pola letra A.***

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica e na páxina web.

TERCEIRO EXERCICIO: obrigatorio e eliminatorio para aquelas persoas que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Consistirá en dúas probas:

primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización das dúas probas, en que consiste este exercicio, será dunha hora.

Neste exercicio valorarase a correcta expresión gramatical e ortográfica, que acredite a competencia dos opositores nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a execución deste exercicio, o/a opositor/a non poderá utilizar dicionarios, nin libros de gramática.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel mínimo de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas deste exercicio.

O resultado final da oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas nos dous primeiros exercicios.

b) Fase de concurso

Rematada a fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos acreditados polo candidato que superaron a fase de oposición. En ningún caso o Tribunal valorará as xornadas, nin os méritos que non teñan que ver co posto de traballo que se convoca.

Os méritos a valorar son os seguintes:

- Experiencia: servizos prestados como CONSERXE en calquera Administración Pública, ata un **máximo de 5 puntos**, a razón de 0,3 puntos por mes traballado.

Entenderase por mes completo traballado 30 días naturais, as fraccións de mes engadiranse para acadar 1 mes completo desprezándose e non acumulándose as fraccións.

Se os contratos fose a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas.

Só computarán os méritos acreditados na data de finalización de presentación de solicitudes.

- A acreditación da experiencia laboral (servizos prestados): só se valorará si se acompaña do informe da vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino ou certificado expedido pola empresa ou Administración na que se indique o posto de traballo desenvolvido como conserxe, a duración do contrato e se foi a tempo completo ou parcial.

Deberá acompañarse necesariamente dunha relación (preferiblemente en letra verdana ou arial, tamaño 12) na que conste: a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de que se trate, así como a súa duración en días e entidade contratante (Anexo IV).

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

O resultado final do concurso oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis a obtida na fase de concurso, o que dará a puntuación total obtida no procedemento selectivo.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola obtida no segundo exercicio, e se aínda persistise, polo candidato que obtivese maior puntuación na fase do concurso, e se esta non fose posible, desempatarase co candidato que teña máis servizos prestados neste concello.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde da puntuación obtida, e só propoñerá para a contratación como persoal laboral fixo aos candidatos aprobados con maior puntuación. Esta relación xunto coa acta da sesión elevarase ao señor Alcalde.

A publicación se realizará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan con dotación orzamentaria.

Non obstante o anterior, cando se produza renuncia dos/as aspirantes seleccionados, ou no suposto de estes non presentasen a documentación esixida na base décima, antes da súa contratación, ou non o fixeran no prazo establecido, o órgano convocante poderá contratar como persoal laboral fixo ao seguinte aspirante que lle siga en puntuación ao proposto polo tribunal.

Ademais, confeccionarase unha bolsa de emprego coa relación dos/as aspirantes que superaron os exercicios da fase de oposición e por orde decrecente de puntuación total obtida, co obxecto de cubrir mediante contrato de duración determinada, no caso de que se precisase, nos supostos regulados no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a

transformación do mercado do traballo. Tamén formarán parte da devandita bolsa aqueles/as aspirantes que teñan superado o primeiro exercicio do procedemento, pero relacionados despois do último candidato/a que tivera a mellor nota dos que superaron os dous primeiros exercicios.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos seguintes:

1) Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsión) do DNI ou pasaporte.

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ó cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4) Titulación: estar en posesión do título do certificado de escolaridade.

5) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente a data anterior a formalización do contrato laboral.

6) Certificado de carencia de delitos de natureza sexual segundo os datos que consten no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, o seleccionado non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións con respecto a este candidato/a, procedéndose a contratar ao que lle siga na lista por orde de puntuación nas cualificacións, sempre que superara a totalidade dos exercicios, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera aquel/a por falsidade na solicitude de participación.

UNDÉCIMA.- NOMEAMENTO E ADQUISICIÓN DA CONDICIÓ DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o Sr. Alcalde ditara resolución acordando a formalización do contrato laboral indefinido, a favor do/a candidato/a proposto/a, no prazo máximo dun mes, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O contrato formalizarase no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación.

O decreto acordando a formalización de contrato laboral indefinido será susceptible de recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da publicación, ou ben de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a partir do día da publicación do nomeamento.

Antes de formalizarse o contrato deberá prestar xuramento ou promesa de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade conforme ao disposto pola Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

DUODÉCIMA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcorrera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos/as interesados/as os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/98, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa

ANEXO I – TEMARIO**PARTE GENERAL:**

TEMA 1.- A Constitución Española: concepto, características, estrutura e contido. Dereitos e liberdades dos cidadáns.

TEMA 2.- A Corona.

TEMA 3.- As Cortes Xerais.

TEMA 4.- Goberno e Administración Pública.

TEMA 5.- O municipio: concepto, o término municipal, a poboación, os dereitos e deberes dos veciños. Competencias municipais propias e servizos mínimos.

TEMA 6.- A organización do municipio, o Alcalde e as súas atribucións, o Pleno e as súas atribucións, a Xunta de Goberno Local, os Tenentes de Alcalde e a Comisión Especial de Contas.

TEMA 7.- O procedemento administrativo: consideracións xerais, interesados no procedemento, a actividade das Administracións Públicas, os actos administrativos, disposicións sobre o procedemento administrativo común, revisión de actos en vía administrativa.

TEMA 8.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: estrutura, obxecto e ámbito de aplicación. Concepto e clases de procedemento administrativo.

TEMA 9.- Fases do procedemento administrativo, enumeración. Formas de iniciación do procedemento. Finalización do procedemento: formas de finalización. O cómputo de prazos.

PARTE ESPECÍFICA:

TEMA 10. Funcións e tarefas dos Ordenanzas e conserxes

Tema 11.- Información e atención ó público. Atención telefónica.

Tema 12.- Control de accesos

Tema 13.- Apertura e peche de edificios e locais. Posta en marcha e parada de instalacións.

Tema 14.- Déposito, entrega, recollida e distribución de correspondencia e obxectos.

Tema 15.- Almacenamento e traslado de materiais e enseres. Traslado de cargas.

Tema 16.- Manexo de máquinas reprodutoras, multcopistas, fax, encuadernadoras e outras análogas. Traballos de oficina.

Tema 17.-Preparación de reunións e preparación de medios materiais.

Tema 18.- Revisión e reposición de materiais, equipamentos e instalacións. Subsanación de anomalías e desperfectos que non esixan especial cualificación técnica.

Tema 19.-Descrición, funcionamento e mantemento básico de aparatos eléctricos: proxectores, sistemas de son, sistema de megafonía etc...

Tema 20.- Prevención de riscos laborais. Medidas preventivas e pautas de actuación ante incendios e emerxencias.

ANEXO II - MODELO DE SOLICITUDE.

D/Dona co D.N.I. núm.
 e con enderezo a efecto de notificacións en
 teléfono....., e dirección de correo electrónico
 enterado da convocatoria para cubrir unha praza de conserxe do CEIP do Corgo (media xornada), mediante
 concurso-oposición, publicada no BOP núm. de data.....,

DECLARA:

- 1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- 2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.
- 3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.
- 4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello do Corgo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na páxina súa web, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 5º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda)

- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación ao galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificado acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).
- Declaración de que non teño acreditado a posesión de CELGA ou equivalente (para os aspirantes que non posúan o CELGA 3 ou equivalente).
- O informe de vida laboral achegando a copia do contrato de traballo ou nomeamento como funcionario interino, acompañado dunha folla na que consta (Anexo IV), a data do contrato ou nomeamento como funcionario interino para o traballo de conserxe, así como a súa duración en días, entidade contratante, no seu caso, centro de traballo da entidade contratante, se ten máis de un.

En vista do que SOLICITA:

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

En O Corgo, de de 20.....

“NOTA: os datos obtidos serán tratados de conformidade coas disposicións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, respecto das cales a persoa aspirante poderá exercer os dereitos previstos nos mesmos.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO

(Nota: No suposto de que o/a candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgunha medida especial –que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que chegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas). Non obstante debera terse en conta lo establecido na base 3º letra b e na base 4º penúltimo parágrafo.

ANEXO IV:**A. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PUNTUACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO:**

Os criterios de cualificación do **segundo exercicio** aplicaranse da seguinte maneira:

- A) Coñecemento das funcións e contidos do posto de traballo, así como da manipulación e manexo do material, equipos e instalacións.
- B) Razoamento da resposta de xeito coherente e con claridade expositiva.
- C) Uso de terminoloxía correcta, corrección ortográfica e calidade da expresión escrita.

A cualificación de cada membro do tribunal será a suma das puntuacións que outorgue a cada un dos indicadores fixados, consonte aos seguintes intervalos:

A	B	C
0-4	0-4	0-2

O Corgo, 22 de abril de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1057

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía 2026-0097 aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a provisión, mediante nomeamento interino e mediante o sistema de concurso-oposición, dun posto de Animador Turístico, ao abeiro do Programa de Reforzo do Emprego do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Folgoso do Courel ou en calquera dos lugares aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC) debendo seguirse, en todo caso, o modelo de solicitude que aparece recollido no Anexo I das bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que comenzarán a contar a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel (<https://folgosodocourel.sedelectronica.es>).

Folgoso do Courel, 27 de abril de 2026.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1084

FRIOL*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE MARZO DE 2026**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de abril, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes MARZO, por un importe total de 5.980,37€ e, na sesión do 20 de Abril, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de MARZO, por unha base impositiva de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interponer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do periodo da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 23 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1058

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 26 de marzo de 2026, a modificación de créditos nº2/2026, de suplemento de crédito nº 2026/02, financiado con remanente líquido de tesouraría por importe de 36.328,33 euros e transcorrido o prazo de exposición pública sen que se presentase reclamacións, considerase elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177 e 169.3 do TRLRFL, facéndose público o resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos do referido orzamento, que queda como sigue:

CAPITULOS	GASTOS	INGRESOS
1.Gastos de personal	2.648.479,63	1.486.000,00
2.Gastos corrientes en Bienes y servicios.	1.524.664,78	50.000,00
3.Gastos financieros	6.000,00	582.312,00
4.Transferencias correntes	69.850,00	1.948.253,26
5.Ingresos Patrimoniales	0.00	68.478,80
6.Inversións reais.	472.153,84	0.00
7.Transferencias capital	0.00	310.948,07
8. Activos financieros	0.00	275.156,12
9. Pasivos financieros.	0.00	0.00
TOTAL	4.721.148,25	4.721.148,25

O que se fai publico para xeral coñecemento e efectos,

Mondoñedo, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1059

OUIROL

Anuncio

O Pleno da Corporación do Concello de Ouiról, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de abril de 2026, prestou aprobación inicial ao expediente n.º 1/2026 de modificación do orzamento municipal, crédito extraordinario/suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de setenta mil trescentos sesenta e dous euros con vinte e cinco céntimos (70.362,25 €). Dando cumprimento ao preceptuado no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei Reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días na secretaría municipal, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Ouro, 27 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1085

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 22/04/2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de FEBREIRO de 2026, polo importe total de 2.861,57 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 22 de abril de 2026.- O alcalde, P.D. o 1º tenente alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1060

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 22/04/2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de MARZO de 2026, polo importe total de 3.176,86 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 22 de abril de 2026.- O alcalde, P.D. o 1º tenente alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1061

TABOADA

Anuncio

DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS DE ALCALDÍA NO TENENTE DE ALCALDE. **Exp. 470/2025.**

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de abril de 2026 aprobouse a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 23.04.2026

DON ROI RIGUEIRA AGROMARTÍN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)

Exp. 470/2025.

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Taboada en uso das facultades que lle confire o Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases del Réxime Local,

Logo de ver o **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN**

PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA

DAS INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.

Logo de ver que por Resolución de alcaldía de data 28 de xuño de 2023 delegouse entre outras a Área de CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE en favor do Sr. Tenente de alcalde Don José Portela Gómez-Macías, o cal procedeu a sinatura do convenio antes citado.

Logo de ver que por Resolución de Alcaldía de data 17 de abril de 2026 e ao abeiro dos artigos 106 e 107 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; e ao abeiro da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e aos efectos de materializar parte do expediente administrativo de **470/2025 PERMUTA DE parcelas con referencia catastral**

27060A032000560000JQ, e 246 m2 da 27060A034000260000JE pola porción B 1601801PH0310S0001SS , e tendo en conta o disposto nos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 y 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, delegouse no Tenente de Alcalde ás competencias de Alcaldía relativas á fase tramitación administrativa do expediente 470/2025 PERMUTA DE parcelas, e, advertido erro na redacción do proxecto no que se refire a superficie da parcela con referencia catastral 27060A034000260000JE pola técnica redactora do proxecto en data 23.04.2026,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en **Don José Portela Gómez Macías con dni: 76620763N**, Tenente de Alcalde Concello de Taboada a competencia de Alcaldía para a competencia resolutoria **relativas á fase tramitación administrativa do expediente 470/2025 PERMUTA DE parcelas con referencia catastral 27060A032000560000JQ, e 246 m2 da 27060A034000260000JE pola porción B 1601801PH0310S0001SS** e en consecuencia, delegación da competencia para a sinatura de todos os documentos que se deriven do presente contrato na Notaría de Chantada aos efectos de representar ao Concello de Taboada.

SEGUNDO. A delegación conferida na presente resolución requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

TERCEIRO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre e incorporárase aos oportunos efectos ao expediente das actuacións que se deriven da execución do **CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE TABOADA PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS “MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS” NO CONCELLO DE TABOADA, ANO 2025.**

CUARTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación se establecen en ditas normas.

QUINTO. Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co lo que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía de este Concello, no termo de un mes a contar dende o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel en que o Concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. No caso de resolución expresa desestimatoria do recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa.

Taboada, 23 abril de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1062

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, ADOPTADO EN SESION CELEBRADA O 24 DE ABRIL DE 2026, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARAN AS SUBVENCIONS, EN REXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA APOIAR A PROMOCION E POTENCIACION DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALOXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIONS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2026

BDNS (Identif.): 901583

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/901583>)

Primeiro.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencions as persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan femia/s

reproductora/s desta raza, nadas na propia explotación, que pasara/n ao Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o ano 2025 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Femias que proveñan do rexistro de nacementos.
- Que teñan acreditado, como mínimo, un parto antes dos tres anos de idade (36 meses).
- Que superen unha cualificación lineal mínima de 40 puntos.
- Que non posúan defectos ou caracteres eliminatorios.
- Que obteña un resultado positivo de filiación cos seus proxenitores (test de paternidade).

Tamén poderán acceder á condición de beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da LSG.

As beneficiarias das subvencións deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 15.3 da LSG, as beneficiarias deberán, así mesmo, dar a axeitada publicidade do carácter público da financiación da situación subvencionada.

Asemade, as persoas, físicas ou xurídicas, titulares das explotacións que sexan beneficiarias das subvencións adquirirán o compromiso de manter na explotación a/s femia/s reproductora/s, como mínimo, ata o 31 de decembro de 2027, agás nos supostos de forza maior, que terán que ser debidamente xustificados a través de informe ou certificación veterinaria.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a persoa, física ou xurídica, que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 7.

Segundo.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reproductoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, anualidade 2026, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas subvencións é de 200.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026.

O importe das axudas para as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 4 e 7 será de 400 € por animal elixible, ata un máximo de 10 animais. Polo tanto, o importe máximo das axudas por beneficiaria será de 4.000 €. Esta cantidade é un importe certo, entendéndose que queda de conta das beneficiarias a diferenza de financiamento necesario para a concorrencia da situación subvencionable.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgotara o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2026, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados, agás no suposto de que a suma das achegas e/ou subvencións, incluída a da Deputación, superen os 2.220 € por animal elixible (custo de mantemento do animal na explotación durante a anualidade 2025). Nestes supostos, o importe das subvencións a conceder pola Deputación de Lugo reducirase ata que a suma de todas elas non supere a dita cantidade.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

As persoas, físicas ou xurídicas, así como as agrupacións delas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 24 de abril de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto do 14/01/2026, o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 1068
